



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Proxectos 4	Código	630G02016	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Crespo Gonzalez, Cristobal	Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es	
Profesorado	Crespo Gonzalez, Cristobal Martínez Raido, Jose Luis Mesejo Conde, Mónica Muñoz Fontenla, Luis W Pedros Fernandez, Oscar Prieto López, Juan Ignacio Rosales Noves, Xose Manuel	Correo electrónico	cristobal.crespo@udc.es jose.luis.martinez.raido@udc.es monica.mesejo@udc.es l.w.munoz.fontenla@udc.es oscar.pedros@udc.es juan.prieto1@udc.es jose.manuel.rosales.noves@udc.es	
Web	proyectoarquitecturayciudad.org/			
Descrición xeral	Nesta materia abordarase a aproximación do alumno á elaboración da súa propia metodoloxía proxectual, analizando e aplicando as condicións necesarias para emprender o feito da creatividade desde un punto de vista conceptual. A mirada sobre outras actividades de carácter artístico e creativo, máis aló do especificamente arquitectónico, así como a presenza dun fío condutor temático que enlace e relacione os sucesivos traballos, permitirá tratar os diferentes exercicios do cuatrimestre coa suficiente variedade, estimulando ao alumnado á diversidade no enfoque das súas propostas, de modo que todos eles compartan experiencias, destrezas e referencias persoais, enriquecendo progresivamente a súa base cultural e perfeccionando as ferramentas de traballo en torno ao proxecto.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ao superar este materia, o alumno deberá estar en condicións de:	A34	B1	C1
	A37	B2	C3
- Saber manexar as ferramentas materiais e intelectuais para acometer a redacción dun proxecto arquitectónico de pequena escala e escasa complexidade.	A39	B3	C4
	A42	B4	C5
	A45	B5	C6
- Saber relacionar as diferentes escalas de análise e concreción do proxecto, dende a urbanística ata a de detalle, incluíndo certos elementos de definición construtiva.	A51	B6	C7
	A53	B9	C8
	A55	B12	
- Saber elaborar unha documentación técnica axeitada para un proxecto de reducida complexidade e escala, indicando con precisión a súa configuración formal e construtiva, e tendo en conta aspectos básicos de normativa técnica e urbanística.	A56		
	A57		
	A58		
- Saber utilizar diferentes ferramentas e técnicas para manexar axeitadamente os procesos de creación e ideación.	A63		

Contidos	
Temas	Subtemas



TEMA 1 - METODOLOXÍA DO PROXECTO I	<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas conceptuais e proxectuais. Idea e Proxecto - Teoría do Proxecto Contemporáneo - Ferramentas metodolóxicas. Debuxo e Proxecto - Sistemas de lanzamento do Proxecto Arquitectónico - Forma, Función e Simbolismo
TEMA 2 - ARQUITECTURA E TERRITORIO	<ul style="list-style-type: none"> - Proxecto e Arquitectura: O entorno físico e o contexto social. - A Arquitectura como Paisaxe, o Paisaxe como Arquitectura. - Arquitecturas sen programa, referenciais e simbólicas - A vivenda unifamiliar. O hábitat privado - A Casa: construír, habitar, pensar
TEMA 3 - INTRODUCCIÓN Á NORMATIVA DE PROXECTO	<ul style="list-style-type: none"> - Accesibilidade e seguridade de uso. - Dimensións normativas e de habitabilidade, condicións urbanísticas e Dereito Civil - Protección contra incendios nos edificios - Introducción á sustentabilidade e a eficiencia enerxética
EXERCICIO 1	<ul style="list-style-type: none"> - Análise urbana - Proxecto dun elemento arquitectónico sen programa relevante, simbólico, referencial ou utilitario a escala urbana. - Desenrolo de elementos constructivos
EJERCICIO 2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise urbana - Proxecto de vivenda, ou dun grupo de vivendas, nun contexto social, cultural ou paisaxístico de interese. - Desenrolo da materialidade física (estructural, constructiva e de materiais) do proxecto.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A58 B5 B6 C6	2	0	2
Análise de fontes documentais	A37 A42 B1 B3	0	12	12
Aprendizaxe colaborativa	B2 B4 C4 C5	4	10	14
Discusión dirixida	A51 A53 A55 C1	5	0	5
Esquemas	A34	0	8	8
Obradoiro	A34 A39 A45 A63 C3 C8	15	20	35



Sesión maxistral	A56 A57	15	0	15
Traballos tutelados	B9 B12 C7	14	20	34
Proba obxectiva	B1 B2	1	0	1
Portafolios do alumno	A34 A39 A42 A45 A51 A53 A55 A56 A57 A58 B1 B3 C3 C6 C8	0	20	20
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas primeiras clases do curso fórmulanse ao alumno tests e probas gráficas que permitan coñecer o nivel previo co que parte o alumno. As devanditas probas realizaranse na aula.
Análise de fontes documentais	Antes de iniciar o desenvolvemento material dos traballos no TALLER, procederase á análise das fontes documentais relacionadas co tema proposto mediante a utilización de documentos audiovisuais, bibliográficos, reportaxes documentais, paneis gráficos, fotografías, maquetas, artigos, textos informativos, normativa de aplicación, etc. Os grupos (profesor - alumnos) analizan a documentación dispoñible e ampliana, elaborando unha síntese das distintas fontes documentais. Complementábase esta análise con intervencións de profesionais da arquitectura e doutros campos, que serán invitados a efectuar charlas e coloquios con desenvolvemento de temas concretos e experiencias persoais.
Aprendizaxe colaborativa	A clase organízase en pequenos grupos de traballo, onde os alumnos traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas polo profesor. Organízase ao grupo para obter a máxima información posible e compartila (análise da parcela, busca de exemplos, de normativas, construción da maqueta xeral do emprazamento, toma de datos ou medicións in situ, tratamento infográfico da documentación obtida, etc.). Este traballo está guiado de forma presencial polo profesor asignado. Trátase de optimizar a aprendizaxe individual e o do grupo.
Discusión dirixida	Tanto o traballo de grupo coma o individual expóñense de xeito público para incitar os membros do grupo a intervir no proceso creativo propio e alleo, de forma libre, informal e espontánea.
Esquemas	Os datos obtidos nas análises, así como as intencións do proxecto, exprésanse de forma gráfica simplificada nas primeiras fases de cada traballo. Son as fases de información previa e anteprojecto.
Obradoiro	Os proxectos desenvólvense mediante a combinación de diversas metodoloxías e probas: asistencia a exposicións, conferencias, análise de problemas concretos do programa. O alumno realiza tarefas eminentemente prácticas en cada un dos exercicios do curso, sempre co apoio e baixo a supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	Periodicamente realízanse conferencias ou exposicións, relacionadas co tema a tratar en cada exercicio. Onde o relator expón de forma oral e/ou gráfica a información aos alumnos.
Traballos tutelados	Preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Refírese á aprendizaxe de "como facer as cousas", é o estudante o que asume a responsabilidade da súa formación.
Proba obxectiva	Farase unha proba obxectiva sobre os contidos presentados nas sesións expositivas, que configuran o marco teórico e normativo da asignatura.
Portafolios do alumno	Como resultado do seu traballo ao final do cuadrimestre, o alumno terá elaborado o seu portafolios da materia, accesible a través da plataforma docente Moodle. Este obxecto final, desenvolvido a través das sesións en grupos e no taller, servirá de base á cualificación e curriculum persoal do alumno.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Obradoiro Portafolios do alumno Discusión dirixida	<p>O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver na materia e no Taller, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.</p> <p>O portafolio do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A34 A39 A42 A45 A51 A53 A55 A56 A57 A58 B1 B3 C3 C6 C8	<p>O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, dispoñible e accesible a través da ferramenta informática para a docencia Moodle.</p> <p>Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final.</p>	80
Proba obxectiva	B1 B2	Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva.	20

Observacións avaliación
<p>Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes requisitos:</p> <p>1º Entregar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados na materia. 2º Asistir regularmente a clases e ao Taller. Esixírase unha asistencia mínima do 80%</p> <p>Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:</p> <p>1º Non cumpra a asistencia esixida ás clases e ao Taller. 2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requirida en tódalas asignaturas que compoñen o Taller. 3º Non asista á proba obxectiva</p> <p>NOTA: ESIXIRASE UNHA CUALIFICACIÓN MÍNIMA EN CADA UNHA DAS PROBAS QUE COMPUTAN NA AVALIACIÓN PARA SUPERAR A ASIGNATURA.</p> <p>- De acordo co establecido na memoria do Título de Grao en Estudos de Arquitectura, convocarase unha Xunta de Avaliación do Taller, que analizará os resultados globais do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre casos puntuais de avaliación do alumnado.</p> <p>- De acordo co establecido na memoria do Título de Grao en Estudos de Arquitectura, os alumnos que non superen nas dúas oportunidades de cada convocatoria a materia de Proxectos deberán asistir ao Taller do ano seguinte.</p> <p>- As probas das diferentes oportunidades permitirán aos alumnos completar e modificar total ou parcialmente os traballos presentados no Taller, para poder así superar a asignatura.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - VVAA (2003). Teoría de la Arquitectura. Del Renacimiento a la actualidad. Taschen - ASCHNER ROSELLI, Juan Pablo (2009). ¿Cómo concebir un proyecto arquitectónico?. deArq (Revista digital) num. 05 - NEUFERT, Ernst (2007). Arte de Proyectar en Arquitectura. Barcelona, G.G. - TANIZAKI, Junichiro (1933). El elogio de la sombra. Siruela - ZUMTHOR, Peter (). Thinking architecture. Birkhäuser - AUGÉ, Marc (). Los no lugares. Gedisa - Aldo Rossi (1966). La Arquitectura de la Ciudad. Barcelona, GG - VVAA (2009). O río no urbano: do Umia ao Danubio. A Coruña, UDC - VVAA (2007). Normas do hábitat galego. http://igvs.xunta.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/normashabi - VVAA (2010). Código Técnico de la Edificación. http://www.codigotecnico.org/web/recursos/documentos/ Breves lecturas de carácter xeral.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - DAZA, Ricardo (2000). Buscando a Mies. Barcelona, Actar Publishers - KOOLHAAS, Rem (2007). Conversaciones con estudiantes. Barcelona, G.G. - MONTEYS, X., FUERTES, P. (2001). Casa Collage. Barcelona, G.G. - LE CORBUSIER (2005). Una pequeña casa. Buenos Aires, Ediciones Infinito - PEREC, Georges (2004). La vida, instrucciones de uso. Barcelona, Anagrama - PAWSON, John (1998). Minimum. Londres, Phaidon - HERZOG, J., DE MEURON, P. (2002). Natural History. Baden, Lars Müller - TORRES TUR, Elías (2005). Luz cenital. Barcelona, Col·legi d'Arquitectes de Catalunya - RYBCZYNSKI, Witold (2003). La casa, historia de una idea. Madrid, Nerea <p>Diversos ensayos sobre las componentes específicas del proyecto.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise Arquitectónico 2/630G01017
 Urbanística 1/630G01018
 Construción 2/630G02020
 Proxectos 3/630G02011
 Estruturas 1/630G02019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Construción 3/630G01022
 Urbanística 2/630G01024
 Estruturas 2/630G02023

Materias que continúan o temario

Proxectos 6/630G01026

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías